

MANIFESTO 8 DE MARZO 2025 DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

"IGUALDADE REAL, COMPROMISO SINDICAL"

UGT, ante a xornada reivindicativa mundial do 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, manifestamos o noso firme compromiso coa igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, especialmente no ámbito laboral. É un obxectivo prioritario e irrenunciable polo que traballamos día a día coa nosa actividade sindical en todos os escenarios nos que estamos, especialmente nos centros de traballo.

Nesta xornada reivindicativa polos dereitos das mulleres e a igualdade, manifestamos a necesidade de adoptar medidas máis eficaces para conseguir a igualdade real e efectiva de mulleres e homes na nosa sociedade, con garantías nos resultados, e de forma máis específica no mundo laboral, onde a discriminación por razón de sexo e as brechas de xénero seguen presentes.

Recoñecemos os avances lexislativos dos últimos anos, que valoramos moi positivamente, aínda que, o certo é que os datos sobre a situación das mulleres no ámbito laboral, aínda cando hai máis mulleres ocupadas e afiliadas á seguridade social que nunca, 550.000, seguen sendo moi preocupantes. Confírmase unha vez máis que, a pesar da superación da crise económica, a mellora do emprego e das condicións laborais, as brechas no mundo do traballo entre mulleres e homes seguen sen avances significativos na súa eliminación.

Segundo datos anuais do INE/EPA 2024:

- **A brecha de xénero na taxa de actividade sitúase en 2024 case nun 8% (7,9%).** Mentres a taxa de actividade das mulleres alcanza o 49,4%, nos homes supón o 57,4%.
- **Na taxa de emprego, a brecha entre mulleres e homes é de 7,8 puntos porcentuais de diferenza.** En 2024 as mulleres sitúanse nunha taxa de emprego do 44,5% fronte ao 52,3% da dos homes.
- Na ocupación as mulleres seguen mantendo grandes diferenzas cos homes. Do total de ocupación a xornada completa, con datos mellorados por efecto da Reforma Laboral froito do Diálogo Social, 552.600 son homes, fronte a 437.300 mulleres, mentres que na ocupación a tempo parcial (con condicións

laborais máis precarias), as mulleres son maioría. Do total de ocupación a tempo parcial, 115.000 son mulleres, fronte a 39.200 homes. É dicir, 7,5 de cada 10 empregos a tempo parcial desempañanos mulleres.

- No tipo de duración da contratación tamén existen importantes diferenzas. No último ano, a contratación indefinida gañou 14.700 persoas máis, case o 30% son mulleres. Pero seguen sendo maioría os homes: 409.800, fronte a 376.000 mulleres. Na contratación temporal, a pesar da redución da taxa da temporalidade á metade, consecuencia tamén da reforma laboral, son maioría as mulleres: 89.900 mulleres fronte a 59.100 homes.
- No desemprego as máis afectadas seguen sendo as mulleres. En 2024, 61.500 mulleres atopábanse en paro, fronte a 56.900 homes. A taxa de paro feminina sitúase no 10%, mentres que a taxa de paro masculina é do 8,8%.

E en materia de retribucións, a brecha de xénero última que coñecemos, con datos da Enquisa de Estrutura Salarial de 2022, é do 17,7 %, segundo a metodoloxía do INE. **Eliminar estas brechas, os desequilibrios na asunción de coidados familiares e labores domésticos** cun efecto claramente negativo para as mulleres en detrimento do seu desenvolvemento profesional, persoal e económico, así como **eliminar a violencia que sofren maioritariamente as mulleres en todos os ámbitos, incluído o laboral**, son obxectivos ineludibles a conseguir, e polos que loitamos e loitaremos sen descanso ata conseguilos.

En relación coas **violencias machistas**, en 2024, 48 (5 en Galicia) mulleres foron asasinadas pola súa parella ou exparella e 9 menores por violencia vicaria. O número de menores orfas e orfos por violencia de xénero ascende a 36 (3 en Galicia). Non esquecemos ás 62 mulleres asasinadas por outros feminicidios desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 30 de xuño de 2024. Pero non só nos preocupan estas dramáticas cifras, senón a persistencia de violencias machistas que afectan cada día a miles de mulleres, como demostran as insoportables estatísticas oficiais: en España denúncianse 14 violacións ao día, é dicir, unha cada 2 horas. E denúncianse 55 agresións sexuais ao día, é dicir, máis de 2 cada hora (Ministerio Interior). E sabemos que apenas se denuncia un 11% da violencia sexual (Macroenquisa Violencia contra a Muller 2019).

Como cada ano, manifestamos a nosa máis contundente repulsa contra todos e cada un dos actos da violencia que padecen as mulleres polo mero feito de selo baixo os patróns e regras do patriarcado, que sempre busca a maneira de resistir e garantir a súa supervivencia de distintas maneiras. Como sindicalistas feministas, o noso firme compromiso de loita para a erradicación de todas e cada unha das formas de violencia machista, maniféstase a través da nosa acción sindical en cada empresa e centro de traballo, unindo as nosas voces e forzas co movemento feminista e contribuíndo coas institucións na implantación de políticas públicas dirixidas á eliminación das violencias contra as mulleres, coa aposta contundente e eficaz que esixe a defensa dos dereitos humanos de máis da metade da poboación.

Desde UGT reivindicamos o avance na eliminación de todas estas brechas e na eliminación da discriminación por razón de sexo entre mulleres e homes en todos os

ámbitos sociais e en especial e especificamente no ámbito laboral. Debe avanzarse con máis celeridade na redución das brechas de xénero, con garantías nos resultados, para o que reclamamos políticas públicas con perspectiva de xénero e políticas específicas de igualdade con dotación de equipos especializados e financiamento suficiente e sostible. Tamén reclamamos o espazo da negociación colectiva e o diálogo social como marcos indispensables para un efectivo avance en igualdade no ámbito laboral.

Reivindicamos **a educación en igualdade**, a coeducación, para lograr unha cultura libre de desigualdades de xénero e de violencias machistas desde idades temperás. Que se eduque en corresponsabilidade, equidade, autonomía, convivencia democrática, respecto mutuo e liberdade.

Consideramos imprescindible reivindicar a **xusta valoración social e económica duns dos sectores máis feminizados, como o de coidados**, que se atopa infravalorado socialmente e en consecuencia infra-remunerado, con condicións laborais moi precarias nalgunhas das súas ocupacións.

Reivindicamos que se complete a **equiparación das traballadoras do fogar**, en cumprimento do convenio 189 da OIT ratificado por España, nos aspectos que aínda seguen pendentes, como o dereito á negociación colectiva.

Para UGT, é prioritario:

- Seguir incrementando o SMI ata situalo no 60% da media salarial (en cumprimento da Carta Social Europea), para reducir a brecha de xénero nos salarios, que beneficiaría en maior medida ás mulleres. Destacamos a subida do SMI a 1.184 euros mensuais (14 pagas) para 2025 lograda no Diálogo Social, cun impacto directo en case 3 millóns de persoas, o 57% mulleres.
- **Avanzar na senda das melloras da reforma laboral** para evitar que as persoas traballadoras, (e en concreto as mulleres), paguen as consecuencias dunha conxuntura económica forzada pola situación internacional de desaceleración da economía. Reclamamos que as políticas públicas, tamén as laborais, teñan perspectiva de xénero, para que as mulleres non sexan quen sofre desproporcionadamente as consecuencias de ningunha crise que poida sobrevivir.
- Esixir o cumprimento dos plans de igualdade nos termos que obriga a lexislación, negociados e acordados coa Representación Legal das Persoas Traballadoras, impulsándoos como aspecto prioritario na negociación colectiva, dotando dos recursos públicos necesarios para o cumprimento do devandito obxectivo.
- Garantir o cumprimento da normativa en materia de igualdade de xénero entre mulleres e homes, e **levar a cabo a transposición das directivas de transparencia salarial e violencia contra as mulleres**, así como as adecuacións lexislativas que garantan o pleno cumprimento do **Convenio 190 da OIT**.

-
- Combater a segregación ocupacional, establecendo valoracións de postos de traballo con perspectiva de xénero, que poñan en valor as profesións maioritariamente feminizadas.
 - Erradicar a violencia machista nos centros de traballo, cunha política de Tolerancia cero. Lembrar a obrigación de que todas as empresas, independentemente do seu tamaño, contén cun protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo. Ademais, incorporar nos protocolos existentes as novidades introducidas pola Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de Garantía Integral da Liberdade Sexual, coa normativa introducida en 2024 para o recoñecemento de dereitos sociolaborais ás vítimas de violencia sexual.
 - Incrementar e mellorar as políticas activas de emprego con perspectiva de xénero de maneira transversal, impulsando o acceso e cualificación das mulleres a sectores produtivos emerxentes derivados das transicións dixital, ecolóxica e demográfica.
 - Adoptar medidas de acción positiva nas políticas xerais dirixidas a eliminar a discriminación e a desigualdade no emprego, que permitan dar resposta á brecha salarial e á infrarrepresentación feminina en determinados sectores produtivos.
 - **Dignificar o sector dos coidados**, como un paso imprescindible para garantir a equidade de xénero. Un labor que en España seguen realizando na maioría dos casos as mulleres, sobre todo aquelas en situación de maior vulnerabilidade.
 - **Avanzar cara a corresponsabilidade real e efectiva**, a través de medidas que impulsen a concienciación, especialmente dos homes, a nivel social e das empresas, priorizando os permisos retribuídos. **Reclamamos a retribución completa do permiso parental de 8 semanas ata que o/a menor teña 8 anos**, contemplado na Directiva 2019/1158, que se incumpre neste aspecto na actualidade.
 - **Investir en educación en igualdade**, establecer que a coeducación sexa a norma e non a excepción, para conseguir unha sociedade libre de estereotipos de xénero, revisando os libros de texto e material divulgativo, incorporando referentes plurais e diversos, con especial fincapé en mulleres de profesións STEM.
 - **Reforzar e garantir os instrumentos e recursos de inspección, control e sanción** da autoridade laboral competente para o cumprimento da legalidade en igualdade de xénero e non discriminación no ámbito laboral.

Ante todas as desigualdades e as discriminacións que seguen sufrindo as mulleres e pola eliminación dos patróns machistas que seguen imperando na nosa estrutura social e as resistencias que presentan para a súa desaparición, UGT unimos as nosas voces neste 8M xunto ao movemento feminista nacional e internacional.

Este 8 de Marzo lembramos tamén ás mulleres do mundo que nas súas realidades cotiás están máis expostas ás violencias patriarcais e ao recorte dos seus dereitos: as mulleres de Afganistán, de Irán, as que sofren xenocidios e violencias en guerras e conflitos, as que ven recortados os seus dereitos reprodutivos.

Chamamos a traballadoras e traballadores á súa participación activa nos distintos actos e manifestacións que se convocan con motivo do 8 de Marzo, desde o convencemento que unindo forzas gañamos avances en igualdade, en progreso social, en democracia e en dereitos das mulleres.

